

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Listas provisionais - Proceso estabilización - AEDL - Persoal laboral fixo

EXPEDIENTE: 2023/G003/000080

Vista a Resolución da Alcaldía do Concello de Teo nº 1561/2022, de 29 de novembro, pola que se aprobaron as bases xerais, específicas e a convocatoria do proceso de estabilización do emprego temporal ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021 de 28 de decembro, dunha (1) praza de axente de emprego e desenvolvemento local, persoal laboral fixo.

Considerando que con data 16 de xaneiro de 2023 expirou o prazo de presentación de instancias para participar no devandito proceso selectivo.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas:

Persoas aspirantes admitidas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	EXAME LINGUA GALEGA
VIÑA FEAS	DIEGO	***0741**	EXENTO

Persoas aspirantes excluídas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	CAUSA DE EXCLUSIÓN	EXAME LINGUA GALEGA
GOMEZ CASAL	FATIMA MARIA	***0171**	Non presenta o modelo de instancia conforme ao Anexo I das Bases. Non achega a relación de méritos.	EXENTA
PENERBOSA FERREIRO	ALBA	***6250**	Non presenta o modelo de instancia conforme ao Anexo I das Bases. Non achega a relación de méritos.	EXENTA

POSE DAVILA	CRISTINA	***8802**	<p>Non presenta o modelo de instancia conforme ao Anexo I das Bases.</p> <p>Non presenta copia do DNI (ambas as dúas caras)</p> <p>Non achega a relación de méritos.</p> <p>Non presenta certificado médico actualizado.</p>	EXENTA
-------------	----------	-----------	--	--------

Segundo.- De conformidade co previsto na base sexta das Bases reguladoras deste proceso selectivo, as persoas aspirantes excluídas ou as omitidas na relación de persoas admitidas e excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello para reclamacións ou corrección de defectos.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non corruxisen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso selectivo. De non se presentar reclamacións ou correccións dentro deste prazo, a lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase a definitiva.

Terceiro.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz